

## **ADmisión DE ALUMNOS PARA O CURSO 2020/21**

A admisión do alumnado neste Centro para o curso 2020/21 axustarase á lexislación e proceso que se indican:

### **1. NORMATIVA REGULADORA DE ADMISIÓN**

- Decreto 254/2012, do 13 de decembro (DOG 26/12/2012).
- Orde do 12 de marzo de 2013 (DOG 15/03/2013).
- Orde do 25 de xaneiro de 2017 (DOG 01/02/2017).
- Instrucións da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos para o proceso de admisión e da Xefatura Territorial da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, se é o caso.

### **2. OFERTA DE POSTOS ESCOLARES DISPOÑIBLES**

<b>Cursos de Educación Infantil</b>	<b>(1)</b>	<b>Cursos de Educación Primaria</b>	<b>(1)</b>
		Primeiro .....	0
Cuarto (3 anos) ..... 66	9	Segundo .....	1
Quinto (4 anos) ..... 12		Terceiro .....	0
Sexto (5 anos) ..... 0		Cuarto .....	0
		Quinto .....	2
		Sexto .....	0

(1) Postos escolares a disposición da comisión de escolarización para o alumnado con necesidades específicas de apoyo educativo (art. 3 da Orde do 12 de marzo de 2013, DOG do 15)

### **3. ÁREA DE INFLUENCIA E IES DE ADSCRICIÓN DO CENTRO**

A área de influencia do Centro, ao obxecto de aplicar a puntuación que corresponda por proximidade do domicilio ou do centro de traballo, é a que figura no plano exposto ao lado do presente escrito. Aos efectos de continuidade dos estudos de Educación Secundaria Obrigatoria o Centro está adscrito ao Instituto de Educación Secundaria *Agra do Orzán*.

### **4. XORNADA DE PORTAS ABERTAS PARA 4º DE EDUCACIÓN INFANTIL**

Co obxecto de que as persoas interesadas en solicitar praza poidan coñecer o noso Centro, este ano teremos a seguinte sesión de portas abertas:

**Día 19 de febreiro (mércores), ás 18 horas.**

## **5. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES**

As solicitudes de admisión, que se axeitarán ao modelo oficial (formulario ED550B), poderanse recoller na secretaría do centro. Tamén estará disponible na páxina web do centro, na sede electrónica da Xunta de Galicia, na aplicación “admisionalumnado” (<https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado>) e na páxina web da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

Deberán ser presentadas na Secretaría do Colexio do **2 ao 23 de marzo** ambos os dous inclusive, (horario de mañá de *luns a venres de 9 a 13:30 horas* e en horario de tarde *os luns de 16:00 a 18:00 horas*) debendo ir acompañadas da copia do DNI do/da alumno/a ou da copia de todas as follas escritas do libro de familia. No caso de optar a un curso de Primaria, deberán achegar tamén certificación de matrícula do centro de procedencia. En caso de separación xudicial ou divorcio, deberán presentar o convenio regulador ou resolución xudicial.

- É necesario presentar o orixinal de todos os documentos fotocopiados. As compulsas realizanse na Secretaría do centro.

## **6. PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DOS CRITERIOS DE BAREMACIÓN ALEGADOS**

O prazo de presentación da documentación xustificativa dos criterios de baremación é do 26 de marzo ao 3 de abril. Porén, **para facilitar trámites e evitar viaxes ao Centro, poderán achegala coa solicitude.**

Só será necesario presentar a documentación relativa aos criterios de: DNI da persoa solicitante e dos membros computables da unidade familiar, domicilio fiscal, renda, condición de familia numerosa e discapacidade do alumno/a, do proxenitor/a, do tutor/a ou dos irmáns/ás cando a persoa interesada denegue a consulta automática de datos (artigos 14.bis e 17.1).

A presentación dos xustificantes dos criterios de baremación ten carácter voluntario. A non presentación dalgún deles suporá a renuncia explícita a ser baremado no criterio correspondente (art. 17.2).

## **7. PUBLICACIÓN DA LISTAXE DO ALUMNADO ADMITIDO**

- **Antes do 25 de abril:** Publicación da resolución **provisional** de admitidos e non admitidos. A listaxe ou listaxes que se publiquen terán carácter provisional e poderán ser obxecto de reclamación ante o Consello Escolar do centro no prazo de cinco días hábiles (art. 30.3).
- **Antes do 15 de maio:** Publicación da resolución **definitiva** de admitidos e non admitidos. Contra esta resolución poderase interpoñer recurso de alzada ante o responsable da Xefatura Territorial da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional no prazo dun mes (art. 31.2 e 32).

## **8. PRAZO PARA A FORMALIZACIÓN DA MATRÍCULA**

O alumnado admitido no Centro formalizará a súa inscrición na Secretaría **do 22 ao 30 de xuño (luns a venres de 9 a 13:30 horas)**. Se finalizado o prazo de matrícula, non se formalizase esta, teráselle por decaído o dereito á praza obtida (art. 40.2<sup>a</sup> e 40.3).

## **9. SERVIZOS COMPLEMENTARIOS**

Os servizos complementarios que ofrece o Centro son:

**9.1.- Transporte Escolar.** Soamente para os alumnos da zona de Bens.

Empresa Autos Fernández Belmonte, S.L.

- Ruta: A Moura – Comeanda – Mazaido – Bens – San José

**Non teñen dereito a este servizo os alumnos que, estando domiciliados nas áreas de influencia doutros centros, decidan solicitar praza neste.** (Art. 6. Orde de 12 de marzo de 2013).

**Só ten dereito a este servizo o alumnado domiciliado a máis de 2 Km. do Centro, pero dentro da zona de influencia do mesmo.** A Xefatura Territorial poderá conceder, previa solicitude, autorización excepcional para alumnado domiciliado a unha distancia do Centro inferior a 2 Km. e superior a 1 Km., sempre que: existan prazas vacantes, non comporte a modificación das rutas, non supoña a creación de novas paradas, non incremente a duración do traxecto e non precise incorporación de acompañante. Estas autorizacións concederanse en precario e serán revogables. (Punto 3. Instrucción 3/2018).

Lexislación aplicable:

- Lei 2/2017, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación. Título III. Ordenación do sistema de transporte público regular de viaxeiros.
- Lei 5/2009, do 26 de novembro, de medidas urgentes para a modernización do sector do transporte público de Galicia.
- Ley 10/2016, de 19 de julio, de medidas urgentes para la actualización del sistema de transporte público de Galicia. DO. Galicia 22 julio 2016, núm. 139, [pág. 31990]. BOE 8 setiembre 2016, núm. 217, [pág. 64582].
- Real Decreto 443/2001. Condiciones de Seguridad en Transporte Escolar y de Menores. BOE 2 de mayo, número 105.
- Decreto 203/1986, de 12 de xuño, polo que se regulan provisionalmente determinados aspectos do transporte escolar.
- Orden de 1 de marzo 1991. Racionalización del transporte escolar.
- RESOLUCIÓN do 26 de maio de 2017, da Dirección Xeral de Mobilidade, pola que se dá publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 24 de maio de 2017 polo que se autoriza a integración das distintas modalidades de transporte público de competencia da Xunta de Galicia que faciliten a optimización deste servizo público, no marco do

procedemento para a implantación da primeira fase da planificación do transporte público de Galicia.

- RESOLUCIÓN do 6 de xullo de 2017, da Dirección Xeral de Mobilidade, pola que se dá publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 6 de xullo de 2017, polo que se fixan criterios complementarios en relación co proceso de integración das distintas modalidades de transporte público de competencia da Xunta de Galicia que faciliten a optimización deste servizo público, no marco do procedemento para a implantación da primeira fase da planificación do transporte público de Galicia.
- Resolución de transporte e actividades. Xullo 2011.
- Orde do 12 de marzo de 2013, pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros sustentados con fondos públicos... (DOG 15/03/2013).
- Decreto 203/1986, do 12 de xuño, polo que se regulan provisionalmente determinados aspectos do transporte escolar. (DOG, 09/0/1986).
- Real Decreto 443/2001, do 27 de abril, sobre condicións de seguridade no transporte escolar e de menores. (BOE, 02/05/2001).
- Instrucción 3/2012, do 22 de xuño, sobre a xestión do uso do transporte escolar.

## **9.2.- Comedor Escolar.**

Organizado e xestionado pola ANPA do Centro:

Teléfono ANPA: 607 04 29 49

Web: [www.anpa-agarimo.es](http://www.anpa-agarimo.es)

e-mail: [anpa.agarimo@gmail.com](mailto:anpa.agarimo@gmail.com)

- Lexislación aplicable:
  - Ley 17/2011, de 5 de julio, de seguridad alimentaria y nutrición
  - Decreto 132/2013, de 1 de agosto que regula los comedores escolares de los centros docentes públicos no universitarios dependientes de la consejería con competencia en materia de educación.
  - Orden de 21 de febrero de 2007. Regula la organización, funcionamiento y gestión del servicio de comedor escolar en los centros docentes públicos no universitarios dependientes de la Consellería de Educación y Ordenación Universitaria.
  - Certificado do Consello da Xunta relativo a comedores escolares.
  - Instrucción 8/2017, do 30 de maio de 2017, convxunta da Secretaría Seral Técnica e da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se regulan as funcións a desenvolver polos cuidadores de NEES nos comedores escolares existentes nos centro de ensino público.
  - Instrucción 9/2017, da Secretaría Xeral Técnica e de Dirección de Centros e Recursos Humanos, pola que se establecen recomendación sobre a saída dos alumnos escolarizados nos centros educativos públicos da Comunidade Autónoma Galega ao remate do horario lectivo e sobre a recollida deles nas paradas establecidas no transporte escolar.

- Instrucción 2/2018, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, do 4 de xuño, sobre funcionamento dos comedores escolares de xestión indirecta no curso escolar 2018/2019.
- Instrucción 3/2018 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, do 4 de xuño, sobre a xestión do Servizo de Transporte Escolar no curso 2018/2019.
- Orde do 21 de febreiro de 2007, pola que se regula a organización, funcionamento e xestión do servizo de comedor escolar nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. (DOG, 05/03/07).

#### **9.3.- Madrugadores (7:30 - 9:00h).**

Organizado e xestionado pola ANPA do Centro:

Teléfono ANPA: 607 04 29 49

Web: [www.anpa-agarimo.es](http://www.anpa-agarimo.es)

e-mail: [anpa.agarimo@gmail.com](mailto:anpa.agarimo@gmail.com)

#### **9.4.- Actividades extraescolares (16:00 – 18:00h).**

Teléfono ANPA: 607 04 29 49

Web: [www.anpa-agarimo.es](http://www.anpa-agarimo.es)

e-mail: [anpa.agarimo@gmail.com](mailto:anpa.agarimo@gmail.com)

### **10.- CRITERIO COMPLEMENTARIO ESTABLECIDO POLO CENTRO:**

Por solicitar en primeiro lugar un centro de ensino público: 1 punto

A acreditación farase de oficio polo propio centro, sendo o documento acreditativo a propia solicitude de admisión, anexo II da Orde.

#### **11.- Letras de desempate, primeiro apellido: “T” e “G”; segundo apellido: “E” e “X”.**

## **INFORMACIÓN IMPORTANTE**

A solicitude será única e vinculante, poderá conter ata seis centros, por orde preferencia e presentarase no centro indicado en primeiro lugar. Estará asinada por calquera dos titulares da patria potestade. No caso de separación ou divorcio, será necesaria a sinatura de ambos proxenitores, agás que a patria potestade estea atribuída, con carácter exclusivo, a un deles. En ambos casos, será necesario presentar xunto coa solicitude de admisión a resolución xudicial correspondente para o seu cotexo polo centro educativo (art. 14).

O alumnado que ten garantía de permanencia nun centro, se presenta solicitude de admisión noutro centro distinto deberá comunicalo, ao mesmo tempo, ao centro de orixe.

### **Darán lugar á perda de dereito de prioridade (art. 34):**

- A presentación da solicitude fóra de prazo.
- A presentación de máis dunha solicitude.
- A presentación de solicitudes estando vinculado por reserva. A reserva ten carácter vinculante e será incompatible coa presentación de solicitude noutro centro, salvo renuncia expresa por escrito presentada no centro de adscrición antes do inicio do prazo ordinario de presentación de solicitudes de admisión.
- As solicitudes que conteñan datos que non se axusten ás circunstancias reais do alumno.
- As solicitudes que estean acompañadas por documentación que reflecta datos que non se axusten ás circunstancias reais.

As familias poderán consultar o estado da tramitación das súas solicitudes a través da aplicación: *admisionalumnado* (<https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado>), utilizando o código de solicitude e o nº do DNI da persoa solicitante (Art. 13.3).

A Coruña, 28 de febreiro de 2020

O DIRECTOR



A handwritten signature in blue ink, appearing to read "Óscar L. Mourenza Fernández".

Asdo.: Óscar L. Mourenza Fernández